

Recomendación dirixida ao Concello de Cervo debido á montaxe unha carpa en San Cibrao para o entroido de 2018

Expediente: T.1.Q/2111/18

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED], como representante do partido político *Compromiso por Galicia*, referente a un contrato menor en relación ao montaxe dunha carpa en San Cibrao para a celebración das festas do entroido 2018, sobre a que solicitaba unha serie de datos.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que solicitara, o 15 de febreiro de 2018, no concello, información sobre as actuacións realizadas en relación ao montaxe da dita carpa na praza dos Campos de San Cibrao. Queríase coñecer quen xestionou o montaxe da carpa, con cantas empresas contactaron para proceder a instalación e se ao existir ancoraxes preestablecidos afecta a contratación. A presentación da queixa estaba acompañada dun escrito, presentado en papel timbrado do comité executivo local de *Compromiso por Galicia*, con numero de rexistro de entrada no concello e como unha solicitude de información.

Ante iso requirimos informe a ese concello, que xa nola remitiu. Coa información aportada se subministra a resposta ao Valedor do Pobo, e se indica que a persoa que instou a queixa a recibiu.

A resposta consiste en indicar que xa se lle remitiu ao interesado a seguinte información:

- “ *A xestión do aluguer e montaxe da carpa levouno a cabo o Concello de Cervo.*
- *A empresa propietaria e encargada do montaxe foi Cesáreo e Eijo, CB.*

- *O procedemento a seguir foi mediante contrato menor e contactouse cunha soa empresa.*
- *Na praza poderá instalarse calquera carpa que se adapta aos ancoraxes instalados na praza dos Campos no momento da súa construción.”*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O escrito dirixido ao concello con data de 15 de febreiro é unha solicitude de información, en relación á celebración dun contrato menor.

O artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que as persoas nas súas relacións coas administracións públicas teñen dereito ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro define a información pública como contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder desa administración local e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións (artigo 13). Esta lei, igualmente, establece, no artigo 22 os xeitos de formalización do acceso, e no artigo 8.1 a) o xeito de publicar os contratos menores no portal de transparencia desa administración. A Lei permite nos artigos 18 e 20 tanto inadmitir as solicitudes de información que está en curso de elaboración, como de ampliar por outro mes a data de emisión da resolución de acceso cando a complexidade da información así o faga necesario, o que non é admisible é o uso reiterado do silencio administrativo.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, mantén a obriga de ditar resolución expresa en todo caso, e se ben, é certo que os interesados poden interpoñer os recursos administrativos ou contenciosos que procedan, non é menos certo que esta situación lles causa un prexuízo pecuniario directo no caso de que a única vía sexa a contenciosa administrativa, e en todos os casos supón un límite aos seus dereitos que é difícil de xustificar dende a protección do interese público que corresponde ás administracións públicas.

O artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que as persoas nas súas relacións coas administracións públicas teñen dereito ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello de Cervo a seguinte recomendación e recordatorio de deberes legais:

As peticións e solicitudes da cidadanía que afecten ao dereito de acceso á información pública teñen que tramitarse de conformidade co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, correspondendo ao concello darlle a resposta directa a persoa que se dirixe a ese concello en busca de información utilizando as vías legais establecidas para rexeitar as peticións que corresponda, aumentar os prazos ou requirir as emendas de solicitude que a propia norma prevé.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo